

Ademais da “ Super nena Nina” tamén tivemos a gran sorte de contar no grupo con Elisa. Que nos amosou a súa competencia e plasticidade esquiando. E unha gran paciencia na docencia, axudando a esquiar aos que máis necesitaban coller seguridade aprendendo a xirar coa cuña. Sen coña ningunha, fixo unha labor enorme nas pistas e fora delas.



Foi moi interesante a visita a Catedral, edificios emblemáticos de Jaca e Ciudadela. Deixándonos guiar po Elisa intentamos comprender a linguaxe artística nas pedras.

Que quería transmitirlles aos fieis
o Maestro cando esculpiu esas figuras
no tímpano da entrada lateral?





Tamén nos fixo reflexionar acerca de cómo achegarnos a un cuadro. O Hotel Mur está cheo de cuadros: retratos de intelectuais ou artistas, para os que Jaca tivo un significado especial nas súas vidas. Hai tamén paisaxes, cuadros costumbristas, de feitos históricos, de célebres persoaxes, batallas navais...







Algunha vez captaches a beleza nunha obra de arte?

Emocinácheste vendo unha obra plástica que che transmitía emocións positivas?

Sabes que cadros te gustan e por que?

Elisa pode axudarche a sacar para fóra “o teu cadro” ...ja,ja

Aquí tes a ficha que nos facilitou. Intenta aplicala nestes, ou noutros cadros que che gusten, e poderás coñecer os trucos de maxia que fai que podas ver máis do que está pintado...

FICHA DE ANÁLISE XERAL DUNHA OBRA PLÁSTICA

TÍTULO ORIXINAL: AUTOR: DATA DE REALIZACIÓN: FORMATO, MEDIDAS: SOPORTE, TÉCNICA E MATERIAIS: OBSERVACIÓNS (fragmento...): LUGAR ONDE ESTÁ EXPOSTO:	ESQUEMA DA IMAXE QUE IMOS ANALIZAR
ANÁLISE DE TIPO NARRATIVO: Carácter da obra: narrativo, descritivo, simbólico, dramático, expresivo, fantástico... Tipo de representación figurativa ou abstracta. Estilo: Renacentista, Barroco, Impresionista, Surrealista, Expresionista... Que historia se representa nesta obra? Que crees que ocorre nesta imaxe? Que pasou antes desta escena, e despois? Xénero da obra: bodegón, paisaxe, retrato, escena de costume... Que temas trata: mitolóxico,relixioso, histórico, contemporáneo, alegórico, literario, de xénero, paisaxe, retrato psicolóxico, natureza morta...? Época na que transcorre: Personaxes: Principal e secundarios. Sexo, profesión ou actividade, vestimenta, aspecto, clase social, idade, expresións, son coñecidos? Que pasa na acción, que fan os personaxes, que intencións teñen? Interactúan, míranse entre eles? Ambiente: Interior, exterior, natural. Mobles, obxectos...	
ANÁLISE DE TIPO ESTÉTICO: a/ LECTURA DENOTATIVA OU OBXECTIVA. O que vemos ASPECTOS FORMAIS Liñas Que liñas se ven debuxadas? Son horizontais, verticais, rectas, curvas, pechadas, abertas, firmes, abocetadas...? Formas Figuras xeométricas: Ves <i>formas xeométricas</i> na composición, como son? Ves <i>outras formas</i> : naturais, artificiais, simples, compostas, regulares, irregulares, exteriores, interiores, pechadas, abertas, simétricas, asimétricas, significativa, amorfa... ? Como representa o pintor a figura humana, a cabeza, o corpo, a vestimenta?	

Cor

Cores principais, gamas, simbolismo... Harmonía e contraste.

Luz

Iluminación uniforme, dirixida, frontal, lateral, contraluz...

Texturas

Tipos, importancia, presenza...

Volumes

Claroscuro, perspectiva, superposición de planos

Debuxo

É un debuxo suave ou ten forza? Estático ou en movemento?

Os trazos son brandos ou vigorosos?

Técnicas ou materiais

Aspecto que predomina na obra?

COMPOSICIÓN

Proporción ou relación entre as partes e o todo (estrutura, esqueleto das formas).

Liñas de forza. Dirección. Movemento. Peso visual. O Centro de interese, coincide co centro xeométrico?

Esquema compositivo (lineal –horizontal, vertical, inclinado, cíclico-, circular, triangular, cadrado...)

Equilibrio. Condicionado por simetría (real ou aparente, compensación de masas, uniformidade de pesos...

Ritmos. Formas que se repiten.

b/ LECTURA CONNOTATIVA OU IMPLÍCITA. Deducimos do visto ideas, sensacións transmitidas

Alegría-enerxía-tranquilidade-optimismo-valor-ledicia-sorpresa-xenerosidade-amabilidade-nobreza-lealdade.....

Desalento-inseguridade-irritación-tristeza-angustia-vergoña-soidade-agobio-tensión-frustración-medo.....

Valoración:

Que mensaxe pretende transmitir?

Recursos expresivos utilizados

Gustóuche? Por que? Cómo o contarías ti?

ANÁLISE DE TIPO RETÓRICO:

Por que consideras esta unha obra de arte?

Na túa opinión é máis importante ou interesante que outras? Por que?

(Para a túa resposta ten en conta en que condicións foi realizada a obra: eran tempos de guerra ou non, que materiais existían nese momento, que se podía contar ou amosar (censura), quen pagaba a obra...)